



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 25 DE FEBREIRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D^a Begoña Seco Varela; D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a Tania Díaz Seijas; D^a María José Martínez Vigo; D. Xabier Molinos Campos; D^a Elvira Lombao Vila e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

O Alcalde disculpa ao concelleiro D. Luis Varela Pérez que se incorporará máis tarde, por asuntos persoais.

Asemade, o concelleiro do BNG, don Xabier Molinos disculpa ao seu compañeiro, don Xosé Ferreiro Fernández a súa ausencia por ser positivo en Covid-19.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE DECEMBRO DE 2020.

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 31 de decembro de 2020.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2 e 3-PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE XESTIÓN DA BIOMASA e PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS USOS FORESTAIS DO SOLO.

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da seguintes propostas:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Nun termo municipal coma o de Outeiro de Rei, caracterizado por unha importante dispersión da poboación, cunha extensa rede viaria e un considerable porcentaxe do territorio adicado a pequenas explotacións forestais, o control da actuacións de xestión da biomasa vexetal é fundamental, tanto por motivos de prevención de lumes forestais, coma para evitar danos ao dominio público viario ou, no seu caso, para reparalos.





Concello de Outeiro de Rei

Esta actividade de control e reparación absorven cuantiosos recursos personais e materiais. Por outra banda, a meirande parte das actuacións traen causa de un previo incumprimento polos propietarios dos seus deberes de xestión.

Co gallo de repercutir a quenes non cumpren as súas obrigas de xestión ou aqueloutros que realizan unha explotación económica forestal os custes da intervención municipal que provocan, na sesión plenaria celebrada o día 29 de outubro de 2020 aprobouse inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actuacións de xestión da biomasa.

Durante o trámite de información pública, a Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA) presentou escrito de alegacións baseados nos seguintes argumentos:

- Vulneración do principio de eficacia, en tanto o nivel de cumprimento dos obxetivos buscados dependerá de un alto grao de cumprimento e éste, a súa vez, de unha capacidade de vixilancia suficiente da que adolecería o concello.

Fronte a este alegato cabe opoñer que o cumprimento dos obxetivos que persigue a suxeición a comunicación previa non se atopa directamente vencellado ás capacidades de vixilancia preventiva, senón á ulterior comprobación da existencia de danos no dominio público e na existencia de un réxime sancionador suficiente como para desincentivar o incumprimento do deber de uso responsable do dominio público viario.

Esta capacidade de comprobación posterior apóiase na información, tanto dos servizos municipais coma da aportada polos veciños, sendo moi doado comprobar a orixe do dano e máis o seu responsable, xa que os danos ou incumprimentos relaciónanse con unha finca dotada da correspondente referencia catastral, o que permite unha segura trazabilidade das accións ou omisións que orixinan a obriga de contribuir.

Por outra banda, non podemos esquecer que a ordenanza fiscal únicamente impón unha obriga de contribuir pola realización de unha actividade provocada polo suxeito pasivo, polo que a conveniencia da imposición do deber de suxeición a comunicación previa de determinado uso especial do dominio público está a extramuros do debate sobor o seu contido normativo, debendo cinxirse ao exame da regulación da ordenanza reguladora do uso forestal do solo.

- Improcedencia da exacción da cuota tributaria, xa que as pistas forestais están adscritas á xestión agroforestal en virtude do artigo 98 da Lei de Montes de Galicia. Sendo este uso o uso común normal, non pode estar suxeito a tributación.

Neste intre convén informar que non se suxeita a tributación o uso das pistas forestais, senón a actividade -material ou administrativa- provocada polo contribuinte derivada do uso das mesmas (art. 20.B.a TRLHL), motivo polo cal o alegato non se cinxe ao contido normativo da ordenanza.

Polos motivos expostos **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO: A desestimación das alegacións presentadas pola Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA)





Concello de Outeiro de Rei

SEGUNDO: A aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actuacións de xestión da biomasa aprobada inicialmente na sesión plenaria celebrada o día 29 de outubro de 2020”.

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O día 18 de novembro de 2013 elevouse a definitiva a aprobación da ordenanza municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo.

Dita ordenanza tiña coma finalidade adecuar a ordenanza anterior ao novo marco normativo implantado pola Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia.

A experiencia acadada durante estes anos de aplicación aconsella a introducción de certas modificacións no seu texto, fundamentalmente no relativo aos títulos de intervención administrativa necesarios para a realización de actuacións de xestión así coma do réxime sancionador aplicable aos danos producidos no dominio público como consecuencia da realización de actuacións de xestión.

Por estes motivos na sesión plenaria celebrada o día 29 de outubro de 2020 aprobouse inicialmente a ordenanza reguladora dos usos forestais do solo.

Durante o trámite de información pública, a Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA) presentou escrito de alegacións baseados nos seguintes argumentos:

- Falta de claridade na definición do ámbito de aplicación, xa que o artigo 2º cinxe o seu ámbito de aplicación ao solo urbano e de núcleo rural, polo que xurden dúbidas sobor a aplicación do réxime de comunicación previa e o réxime sancionador a outras categorías de solo. Tamén alégase que as cortas de madeira están suxeitas a autorización autonómica ou declaración responsable, non mentándose este último título habilitante na relación de documentación a aportar coa comunicación previa.

Coa finalidade de clarificar este aspecto modifícase dito artigo 2º, e introdúcese a figura da declaración responsable dentro da enumeración dos títulos habilitantes recollidos no artigo 7º.

- Invasión do réxime competencial das restantes Administracións titulares de dominio público viario, proponendo que se aclare que se suxeita comunicación previa o uso especial do dominio público viario municipal.

Non existe inconveniente en aclarar que o dominio público viario sobor o que o concello ten competencia é o municipal (coma é lóxico), polo que se acepta a proposta de clarificación.

- Improcedencia de suxeitar a licenza a corta de árbores senlleiras, en tanto o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras prohíbe a súa corta.





Concello de Outeiro de Rei

Fronte a este alegato convén recordar que o réxime de protección regulado neste Decreto autonómico limitábase ás árbores senlleiras catalogadas no Catálogo autonómico. Non obstante, non soamente son árbores senlleiras as así catalogadas no rexistro autonómico, senón tódalas que reúnan as circunstancias previstas no artigo 2º, do mesmo xeito que non soamente é Patrimonio Cultural o catalogado, senón todo aquel que merece tal consideración.

Por outra banda, a corta de unha árbore senlleira non pode considerarse sen máis un aproveitamento madereiro, senón unha actuación sobor un elemento patrimonial e/ou cultural, polo que a intervención administrativa previa atópase xustificada.

- Alégase tamén a inconveniencia de prohibir a circulación de autocargadores ou tractores cargados polas estradas municipais.

Neste intre recórdase que os vehículos de gran tonelaxe cargados que poden circular polas estradas municipais son os camións, xa que polo seu deseño producen unha menor afección sobor a conservación dos viales municipais. Polo tanto – e salvo que se trate de transportes para autoconsumo- os autocargadores e tractores deberán transvasar a carga a un camiión na parcela onde se realicen os traballos ou nas pistas forestais para o seu ulterior transporte. Esta racionalización do emprego da diferente maquinaria atópase xustificada na conservación do dominio público viario, non podendo considerarse desproporcionada.

- Vulneración do principio de igualdade, xa que únicamente se sanciona a produción de danos graves no dominio público viario por vehículos vencellados a actividades forestais e non polos vencellados a outras actividades, sen que existan razóns que xustifiquen tal discriminación.

Considérase convinte estimar este alegato, xa que se ben a identificación dos causantes de danos no dominio público viario polo tránsito de vehículos afectos a outras actividades non é tan doado coma os das actividades forestais (nin os danos adoitan a ser tan frecuentes nin tan graves), o certo é que ditos danos non poden deixar de seren sancionados por constituíren unha conducta antixurídica e danosa para os intereses xerais.

Polos motivos expostos PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO: A estimación parcial das alegacións presentadas pola Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA)

SEGUNDO: A aprobación definitiva da seguinte

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓNIS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SUELO

1.- Obxecto A presente ordenanza ten por obxecto regular as distancias das plantacións arbóreas ou arbustivas, ou do seu crecemento espontáneo, respecto das edificacións, co gallo de garantir á seguridade e salubridade dos predios así coma o mantemento das boas relacións de veciñanza, así coma das condicións de determinados usos do dominio público viario municipal.

2.- Ámbito obxectivo





Concello de Outeiro de Rei

A presente ordenanza será de aplicación dentro do solo clasificado como solo urbano, urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural.

As distancias respecto de viais e conducción de auga e as distancias previstas para o substrato arbustivo con respecto a praderías ou fincas de labor serán de aplicación a tódalas categorías de solo.

A regulación do uso especial do dominio público viario e mailo réxime sancionador será de aplicación a tódalas categorías de solo.

3.- Distancias das plantacións forestais

En solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable delimitado non se permiten plantacións das especies prohibidas pola lexislación forestal de Galicia nas redes secundarias de fanxas de xestión.

A tal fin, considerarase como solo de núcleo rural o delimitado coma tal no planeamento municipal vixente, así coma a súa área de tolerancia exterior. Consecuentemente, as distancias previstas na lexislación forestal autonómica se computarán dende a liña imaxinaria delimitadora da área de tolerancia exterior.

Dentro de estas categorías de solo, permitirase a plantación de especies frondosas ou frutais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas non se achegen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela colindante.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase dende o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobor o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións adicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En toda clase de solo as pes das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 ml, respecto do dominio público viario, de conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de augas o de instalacións de alumeadado público sen que as polas poidan invadir o seu vuelo e salvo que a normativa específica estableza unha distancia superior.

4.- Distancias das plantacións arbustivas

A vivendas:

Arbustos de ata 2 m. de altura..... 1 m.l.

Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 10 m.l.

A edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 m. de altura)..... 10 m.l.

A praderías e fincas de labor:

Arbustos de ata 2 m. de alto sen limitación.

Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 3 m.l.

A camiños públicos:..... 5 m.l. dende o eixo e 3 m.l. dende o borde.





Concello de Outeiro de Rei

A conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de auga 5 m.l.

A outras plantacións:

Arbustos de ata 2 m. de alto..... ..sen límite

Ídem. de máis de 2 m. de alto...a mesma das plantacións existentes, con un máximo de 3 m.l.

5.- Condicións de xestión dos estratos herbáceos e arbustivos

Dentro do de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado, a xestión da biomasa deberá responder aos seguintes criterios:

No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000m³/hectárea.

A altura máxima da vexetación de crecemento espontáneo, arbustiva e herbácea non poderá rebasar os 30 cm. Dita altura máxima non será de aplicación aos cultivos agrícolas e praderías que sexan obxecto, a lo menos, dunha colleita anual.

6.- Intervención municipal na corta e saca de madeira

A corta de especies arbóreas e a saca da madeira a través do dominio público viario municipal estará suxeita a comunicación previa.

Non está suxeito ao réxime de comunicación previa a corta e saca de madeira para autoconsumo.

A corta de árbores xenlleiras estará suxeita a licenza municipal.

7.- Contido da comunicación previa

A comunicación deberá presentarse, a lo menos, dez días hábiles antes do inicio das actuacións de xestión.

A comunicación previa expresará:

- A referencia catastral da parcela onde se producirá a corta.
- Referencia catastral da parcela onde se producirá o depósito da madeira.
- Identificación dos camiños ou estradas municipais por onde se sacará a madeira.
- Os días nos que se producirá a corta e retirada da madeira.
- Persoa física ou xurídica que realizará as tarefas de corta e retirada, con expresión do seu NIF ou CIF e domicilio.

A dita comunicación xuntarase:

- Copia da autorización autonómica, declaración responsable ou comunicación previa para a corta.
- Copia do documento identificativo do comunicante.
- Copia da póliza de responsabilidade civil do profesional ou empresa que realice as actuacións de corta e/ou retirada da madeira.





Concello de Outeiro de Rei

d. Xustificante do pago da taxa municipal.

As comunicacións que non reúnan os requisitos anteriores non producirán efectos e se terán por non presentadas.

A obriga de presentación da comunicación corresponderá ao propietario da parcela. Non obstante, nos supostos de que a corta e retirada da madeira se realice por un terceiro, corresponderá a éste a presentación do escrito de comunicación previa.

8.- Condicións de utilización especial do dominio público viario

Prohíbese a circulación de autocargadores e tractores cargados polas vías municipais asfaltadas. Ditos vehículos unicamente poderán circular baleiros.

9.- Infraccións e sancións

9.1 De conformidade co disposto no artigo 140 da Lei 7/1985, de 2 de abril, constitúe infracción administrativa grave a produción de danos graves e relevantes no dominio público viario municipal a consecuencia do tránsito de vehículos pesados.

Consideraranse danos graves e relevantes aqueles que impliquen un deterioro da plataforma viaria que imposibilite ou dificulte gravemente o tránsito ordinario pola vía.

A comisión de esta infracción conlevará a imposición de sancións de até 3000 euros.

9.2 Considérase infracción administrativa grave a omisión do deber de limpeza do dominio público viario dos restos das actividades de xestión da biomasa realizadas por particulares.

A comisión de este infracción conlevará a imposición de sancións de até 1500 euros.

9.3 Considérase infracción administrativa grave o incumprimento do deber de presentación da comunicación previa da realización de actos de xestión da biomasa, sempre que ditos actos de xestión conleven unha ocupación especial do dominio público viario municipal.

Considérase que os actos de xestión da biomasa conleven unha ocupación especial do dominio público viario municipal cando se empregan máquinas ou vehículos que, polo seu tonelaxe, poidan producir danos no vial.

A comisión de este infracción conlevará a imposición de sancións de até 1500 euros.

Terán a condición de responsables das infraccións expresadas neste artigo as persoas físicas ou xurídicas que realicen as actividades productoras dos danos así coma os propietarios do dereito de aproveitamento das parcelas onde se realicen tales actividades.

A imposición da sanción será independente da obriga do infractor de custear o importe das actuacións de reposición dos danos causados.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.





Concello de Outeiro de Rei

O alcalde propón tratar conxuntamente os puntos 2 e 3, tratamento conxunto que é respaldado polos restantes concelleiros.

O voceiro do PP di que establecer unha taxa de vinte euros non é con afán recaudatorio, senón sería máis elevada. Esta taxa da máis capacidade de vixilancia ao establecer a comunicación previa que así permite coñecer que se está facendo a saca de madeira en cada momento para poder levar a cabo unha actuación de control.

O que se pretende é que a madeira sega a ser unha fonte de riqueza importante para este Concello e se poidan facer as labores de saca, plantación e de tratamento da biomasa de xeito responsable, xa que nalgúns casos deterioranse os accesos ás estradas e non quedan correctamente limpos dando lugar a un sustancial incremento dos gastos de conservación.

Neste intre incorporase don Luis Varela Pérez.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos lamenta que non fixese esta sesión con medios telemáticos, dada a situación de nivel dous ocasionada pola Covid-19.

Engade que o BNG no ano 2018 xa trouxo unha moción que propoñía a regulación e control das sacas de madeira e foi rexeitada polo grupo municipal do Partido Popular, polo que anuncia que van a votar a favor da ordenanza.

Referente á ordenanza reguladora, tamén van a votar a favor da súa aprobación, e recorda que tamén en datas recentes presentaron unha iniciativa para elaborar o catálogo de árbores senlleiras que se menciona en dita ordenanza, e que tamén foi rexeitada polo Partido Popular.

O voceiro do PP agradece ao grupo municipal do BNG o voto a favor das propostas.

Sométese a votación a proposta de aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actuacións de xestión da biomasa.

Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Sométese a votación de aprobación da ordenanza reguladora dos usos forestais do solo.

Realizada a votación, a proposta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.

O Alcalde propón a aprobación da seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuiz de Paz.

O nomeamento do Xuiz de Paz terá una vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento realizado anteriormente xa





Concello de Outeiro de Rei

finalizáu, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuiz de Paz Sustituto.

A tal fin, abríuse un prazo de quince días naturais durante os cales calquer persoa interesada puidese presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuiz de Paz Sustituto, acompañada dun currículo vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes conséntase a presentación das seguintes: Marta María López Pardo e Adela Paz Balsa.

Ambas candidatas constan con titulación universitaria e con unha formación complementaria diversa, se ben a formación de Adela atópase máis orientada hacia o eido empresarial (estudou ADE, e realizou varios cursos de xestión administrativa e contable).

A formación de Marta atópase máis orientada á as relacións interpersoais (estudou Maxisterio e varios cursos sobre marketing e psicopedagogía e diversidade).

Conclúese que ambas candidatas teñen solvencia técnica máis que suficiente para exercer o posto, xa que as competencias de xuíz de paz están máis volcadas na mediación e conciliación que no exercizo de funcións técnico-xurídicas.

Neste contexto de equivalencia formativa debemos acudir á experiencia profesional para decidir, e este criterio empurra a balanza a favor de Marta María López Pardo, que acadou unha experiencia profesional moito máis prolongada en materia administrativa, xa que exerceu coma auxiliar administrativo nos anos 2001 e 2004 e entre os anos 2013 e 2019, fronte a unha experiencia máis reducida (consecuencia directa da idade) de Adela Paz.

Por todo o anterior PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PROPOÑER ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o nomeamento de Marta María López Pardo con DNI 76579029T coma Xuiz de Paz sustituta do Xulgado de Paz de Outeiro de Rei”.

O Alcalde informa que, a instancias do TSXG, tramitouse o procedemento para o nomeamento do xuíz de paz substituto. A tal fin abríuse o prazo de presentación de solicitudes e acadáronse dous solicitudes de participación. Ningunha delas corresponde a veciños deste Concello.

Faise a proposta a favor da persoa que se estima que ten un currículo máis adaptado á función que vai levar a cabo. A proposta recae sobor Marta María López Pardo.

O concelleiro do BNG intervén comentando que van votar a favor e que é unha magoa que non se presentase ninguén do Concello.

Sométese a votación a proposta de nomeamento do xuíz de paz substituto.

Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.





Concello de Outeiro de Rei

5- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑOS.

O Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO

Constátase a existencia catastral de un tramo de camiño entre as parcelas 185 e 302 do polígono 80, que non se corresponde coa súa existencia real.

En efecto, o trazado actual do camiño 9001 do polígono 80 discorre máis ao noreste, entre as parcelas 185 e 186, quedando dende fai décadas en desuso o antigo trazado. Por outra banda, a parcela 185 é de titularidade municipal e o seu trazado catastral atópase físicamente incorporado á mesma.

Con independencia do feito da desafectación material, non existe razón algunha de interese público que aconselle mater o camiño, xa que o tráfico actualmente se realiza a través dunha malla viaria ben consolidada e definida e a totalidade dos predios afectados manteñen acceso ao viario público.

Non obstante a desafectación material operada polo cambio de trazado, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso mediante acordo de Alcaldía iniciouse expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público catastrado como parcela 9001 do polígono 80. O tramo a desafectar discorre entre as parcelas 185 e 302 do polígono 80 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Unha vez rematado o prazo de información pública aberto mediante a publicación de anuncio indicativo no BOP de 19 de decembro de 2020 e máis no taboleiro de edictos municipal, e constatándose que non se presentou alegación algunha,

Polo anterior o Pleno da Corporación, acorda: DESAFECTAR o tramo de camiño público catastrado como parcela 9001 do polígono 80. o tramo a desafectar discorre entre as parcelas 185 e 302 do polígono 80 do termo municipal de Outeiro de Rei “

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de resolución de expediente de desafectación de tramo de camiños.

Realizada a votación, a proposta queda aprobada con nove votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e tres abstencións dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE.

6- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A MANTER O ACTUAL ESTATUS LEGAL DE POBOACIÓN DO LOBO AO NORTE DO RÍO DOURO.

O alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:





Concello de Outeiro de Rei

“José Pardo Lombao, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A MANTER O ACTUAL STATUS LEGAL DAS POBOACIÓNS DE LOBO AO NORTE DO RÍO DOURO

Exposición de motivos

O Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico vén de decidir incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE). Esta decisión é contraria aos intereses das comunidades do norte do río Douro (Castela e León, Asturias, Cantabria e Galicia), que son as que concentran máis do 90% do lobo de España e cuxas explotacións gandeiras sofren os ataques.

O lobo en Galicia cumpre as tres condicións que marca a Directiva Hábitats cando fai referencia ao estado de conservación dunha especie e que sexa considerada favorable:

1.- Os datos sobre a dinámica das poboacións das especies en cuestión indiquen que a mesma segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats naturais aos que pertencen.

2.- A área de distribución natural da especie non se estea reducindo nin ameace con reducirse nun futuro previsible.

3.- Exista e probablemente siga existindo un hábitat de extensión suficiente para manter as súas poboacións a longo prazo.

As poboacións de lobo en Galicia en termos xerais mantéñense e mesmo experimentaron un certo aumento nos últimos 15 anos, tal e como o indican os seguimentos realizados nalgunhas zonas e tendo en conta os datos de danos ocasionados ao gando.

A área de distribución do lobo en Galicia de acordo co último censo realizado supón un 72,17% do territorio galego, concluíndo que a presenza do lobo en territorio galego é xeneralizada. Se a maiores temos en conta os datos de indicios, áreas de campeo e presenza de manadas reprodutoras esta porcentaxe supoñería un 94% do territorio galego.

A situación actual do rural e as actividades agrícolas ou dos usos tradicionais do monte está a ser un elemento favorecedor para a extensión do hábitat idóneo para esta especie.

Polo tanto, non hai por tanto argumentos para considerar a esta especie dunha atención e protección particular ao amparo da Listaxe de Especies Silvestres de Protección Especial (LESRPE).

O lobo forma parte do patrimonio natural e cultural de Galicia pero ao mesmo tempo xera unha conflitividade relevante co ser humano asociada aos danos que causa á cabana gandeira e que nos últimos anos tivo un incremento significativo.





Concello de Outeiro de Rei

Hai máis dunha década aprobouse o Plan de xestión do lobo en Galicia para garantir a viabilidade desta especie no noso territorio, mantendo unha poboación estable na nosa Comunidade Autónoma e ao mesmo tempo compatibilizar a súa existencia coa da gandería extensiva e coa viabilidade económica das explotacións agropecuarias adoptando medidas preventivas e establecendo liñas de axudas para paliar os danos causados por esta especie.

O incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial conlevaría poñer trabas á xestión desta especie tal como veu desenvolvendo durante estes últimos anos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

“O Pleno do Concello de Outeiro de Rei mostra a súa desconformidade coa inclusión de todas as poboacións do lobo ibérico ao norte do Douro na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE) e, insta ao goberno de España a manter o actual status legal das poboacións de lobo ao norte do río Douro”.

Dese conta o Ministerio de Transición Ecolóxica, o Ministerio de Agricultura e os distintos portavoces dos Grupos Políticos no Congreso dos Deputados”.

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a concelleira do PSOE afirmando que os problemas dos gandeiros co lobo son froito da mala xestión das axudas e indemnizacións polos ataques do lobo.

Os danos provocados por esta especie incrementáronse dende o 2016 notablemente e vironse afectadas máis de 2.380 reses no ano 2019. Lugo recolle a metade deses danos.

Necesítase que todos os anos haxa fondos para poder compensar aos gandeiros, que as contías estean actualizadas e cubran o gasto real das perdas.

O plan de xestión do lobo en Galicia debe adaptarse aos tempos actuais e aos avances técnicos existentes asentándose nos principios de conservación, prevención e compensación e ten que ser froito dun consenso coas asociacións en defensa do lobo, representantes do sector gandeiro e veterinario para atopar un equilibrio entre o patrimonio natural e os intereses socioeconómicos dos veciños/as.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao intervén expoñendo que con esta moción o PP utiliza o debate de protección do lobo para agochar a súa falta de apoio ao sector gandeiro. Intentan ocultar esa falta de políticas a favor da gandería e do rural que dende a Xunta non demostan ter.

Os cartos que a Xunta ía adicar para compensar á gandería que se ve afectada polo lobo desapareceron despois das eleccións. A Xunta debería desenvolver un plan de axudas, tal e coma dixo a voceira do PSOE, amplo, áxil e ben dotado para compensar os danos provocados polo lobo para que as entidades das explotacións gandeiras se sintan protexidas pola Administración galega, e apostando por actuacións preventivas e compensatorias activas e buscar o equilibrio entre a existencia do lobo e as explotacións gandeiras, que son a base da economía deste país.





Concello de Outeiro de Rei

O voceiro do PP respóstalle á concelleira do BNG de que o Goberno central considera o lobo como unha especie protexida que non se pode cazar, é dicir; O Goberno pretende que non se controle a poboación de lobo e que os gandeiros poidan ir ao cárcere por matar a o lobo que ataca as súas vacas.

Esta moción defende que se manteña o lobo, pero non defende o que fai o Goberno de España de acordo coas CC.AA que non teñen nada que ver co lobo, e en contra do parecer das CC.AA. do Norte de España, sobre todo do norte do río Douro, e sen diálogo do Ministerio con esas CC.AA. nin co sector gandeiro.

Din que a Xunta non paga todos os danos que non pode xustificar o gandeiro, sólo faltaba que tivera que pagar o que non se pode xustificar.

O PP non acepta a enmenda proposta polo PSOE porque nunha decisión tomada polo Goberno de España e en contra dos informes da Xunta, do Goberno de Castilla e León, de Asturias e de Cantabria, sendo as zonas donde hai máis lobo en España.

O alcalde dille á concelleira do PSOE que se o seu partido quere que faga unha moción á Xunta pedindo todo o que expuso na súa enmenda.

E non entende que o BNG teñen unha obsesión polo PP e son a pata de equilibrio do PSOE.

A concelleira do PSOE afirma que a Xunta ten dende fai moito tempo un plan para o control do lobo e pídese que elabore un plan novo adaptado á realidade actual.

O voceiro do PP dille que esta moción é do Partido Popular, non do Partido Socialista, e invítalle, se quere a formular a súa propia moción.

E respecto ao diálogo, o Goberno central non o fixo dende un primeiro momento. Tampouco o Ministerio de Agricultura estivo defendendo aos gandeiros.

Polo que, non se aceptan as enmendas porque tratase de desviar o tema e iso deberíase haber feito con anterioridade. Respecto ás axudas de calquera administración, da Xunta, do Estado e do Goberno de España podese falar noutro momento, invitando ao PSOE unha moción referente a este tema.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do pp para instar ao goberno de españa a manter o actual estatus legal de poboación do lobo ao norte do río douro.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP, un voto en contra da concelleira do PSdG-PSOE e dúas abstencións dos concelleiros do BNG.

7- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REFERENTE Á RECLAMACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DOS BENS DE USO PÚBLICO QUE A IGREXA CATÓLICA REXISTROU AO SEU NOME DE XEITO INDEBIDO

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao asume a defensa da moción do seguinte teor literal:





Concello de Outeiro de Rei

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REFERENTE Á RECLAMACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DOS BENS DE USO PÚBLICO QUE A IGREXA CATÓLICA REXISTROU AO SEU NOME DE XEITO INDEBIDO.

Exposición de motivos

Durante o goberno do PP de José María Aznar levouse a cabo unha reforma da Lei Hipotecaria para permitirlle á Igrexa Católica rexistrar ao seu nome todo tipo de propiedades sen ter que demostrar con ningún tipo de probas a pertenza, sendo necesario tan só a súa manifestacións de que eran deles dende había tempo.

Este tipo de actuación resulta inaudito, xa que calquera persoa ou entidade xurídica para poder rexistrar un ben ten que demostrar de forma concreta e que non deixe lugar a dúbidas asúa propiedade sobre ese ben.

Ao amparo desta lei de Aznar, entre os anos 1998 e 2015 a Igrexa Católica rexistrou 34.961 propiedades no Estado Español, 1.062 na provincia de Lugo e 46 no concello de Outeiro de Rei, todas elas sen necesidade de ter que demostrar en ningún momento os dereitos que tiña sobre eses bens inmobiliarios.

Ademais de todo iso, dáse a circunstancia que moitos deses inmobles foron construídos ou comprados cos cartos da veciñanza e outras moitas son de uso totalmente público dende tempos inmemoriais e nada teñen que ver coa actividade nin co culto relixioso.

Dentro desta estarían, por exemplo, campos da festa, aparcadoiros, cruces de camiños públicos, etc.

Boa proba de que algunhas destas propiedades son públicas éo feito de que levan sendo mantidas polo propio concello dende hai moitos anos, chegando incluso a facer obras ou construír elementos dentro destas propiedades, mantemento e construcións que se pagaron sempre con cartos público sen que a Igrexa Católica opinara ou nada tivera que ver con estes traballos.

Na actualidade, o actual goberno do Estado vén de publicar o listado de todos eses bens rexistrados ao amparo da citada lei e ábrase un prazo para que calquera ente, físico ou xurídico, poida reclamar pola vía do Contencioso ese rexistro de propiedade se considera que non está suficientemente xustificado.

É unha obriga de todas as administracións, e dos concellos tamén, defender en todo momento os intereses dos seus veciños e veciñas e entre esa defensa está non permitir que ninguén se apropie das súas propiedades. Non facelo resultaría un acto de conivencia cunha apropiación indebida completamente inaceptable por parte dunha Administración Pública.

Dentro desa obriga, dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que o concello de Outeiro debe persoarse como parte afectada para reclamar para o patrimonio público todos aqueles bens que a Igrexa Católica rexistrou como propios ao





Concello de Outeiro de Rei

amparo da citada lei de Aznar e que non están relacionados co culto relixioso, sendo de uso público dende hai anos.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o Concello de Outeiro proceda a elaborar un estudo exhaustivo dos bens que a Igrexa Católica rexistrou ao seu nome entre os anos 1998 e 2015, delimitando claramente os que están destinados ao culto relixioso e os que son de uso público de todos os veciños e veciñas.

2. Que o Concello de Outeiro de Rei a través dos seus órganos competentes e polos métodos legalmente establecidos, proceda a reclamar para o patrimonio municipal todos os bens de uso público e non relixioso que a Igrexa rexistrou ao seu nome sen documentación acreditativa ao amparo da citada reforma da Lei Hipotecaria”.

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a voceira do PSdG-PSOE que apoiará esta moción e aconsella ao alcalde a súa aprobación e facer esa reclamación de xeito inmediato.

O voceiro do PP agradece á voceira do PSOE os seus consellos e considera que en parte pode estar de acordo e en parte non.

No último convenio que se asinou co Obispado tratouse a posibilidade de elaborar un estudo dos bens de culto que son da Igrexa, que son e deben ser do Obispado. Pode haber algunha matriculación incorrecta como campos de festa, aparcadoiros, que habería que corrixir. Para comprobar esta realidade solicitouse ao Rexistro unha listaxe para a súa análise.

De existir erros poderían deberse ao cando no seu momento o Castro fixo a actualización catastral e inscribiu determinadas parcelas de uso público a nome de “parroquia de”. Nembargantes, unha parroquia non é unha entidade xurídica senón unha división eclesiástica, de xeito que aquí podería haberse dado lugar a confusións.

Non obstante, de ser o caso cree que vai ser fácil chegar a un acordo para que pasen a titularidade municipal sempre coa aprobación dos veciños.

No suposto de que estas inscricións afecten a algunha propiedade privada o Concello xa ten máis difícil intervir.

Esta moción así sen máis non se aprobaría, pero afirma que o Concello comprométese a profundizar no estudo de esta listaxe nun prazo razoable e, de ser o caso, de pasar ao nome do concello os bens e terreos de uso público que poidese ter a Igrexa ao seu nome.

A concelleira do BNG dille ao voceiro do PP que esta moción fai referencia a esa listaxe.

O voceiro do PP propón unha enmenda de transición ou unha declaración de intencións cun comprosimo do concello a seguir profundizando ese estudo para que se





Concello de Outeiro de Rei

determinen cales son os bens de culto e os terreos de uso público e reclamar os que están ao nome do Obispado e intentar rematalo ao longo deste ano 2021.

A voceira do grupo municipal do BNG acepta a votación da emenda.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG referente á reclamación por parte do concello dos bens de uso público que a igrexa católica rexistrou ao seu nome de xeito indebido coa emenda proposta polo PP.

Realizada a votación, a moción enmendada queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

8- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

Exposición de motivos

Este 2021, Nacións Unidas elixiu como lema para este día “Por un futuro igualitario no mundo da Covid-19”. E é que hai xa un ano que un feito doloroso e insólito para a nosa xeración alterou e escureceu as nosas vidas. Unha pandemia mundial, unha crise sanitaria que conlevou outra social e económica. Durante a pandemia as mulleres estiveron en primeira liña e desempeñado un papel extraordinario. Como traballadoras no ámbito sanitario, a ciencia e a investigación, desde os servizos esenciais, pero tamén asumindo a responsabilidade dos coidados no ámbito privado.

Esta crise afectou máis ás mulleres. Son máis as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas empresas, as que sufriron un ERTE. Son moitas máis as que fixeron malabares coas clases dos seus fillos e fillas, a atención aos seus pais ou avoas, o traballo profesional, as tarefas do fogar. As que máis sufriron eses efectos, á conta da súa propia carreira laboral e ata do seu benestar. E por suposto, supuxo unha tortura engadida a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tal como expresa Nacións Unidas, a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportan. Ademais, advirte que por mor da pandemia da Covid-19 xurdiron novos obstáculos, que se suman aos de carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, aínda están infrarrepresentadas nos espazos de poder e da toma de decisións.





Concello de Outeiro de Rei

Dende o Concello de Outeiro de Rei asumimos e defendemos que hai que intervir para paliar esta situación. Desde as nosas respectivas responsabilidades, debemos traballar para que esta crise non deixe a ninguén atrás e tampouco leve por diante ás mulleres. E temos ante nós unha gran oportunidade porque contamos cunha inxección en forma de fondos europeos, que nos dan a posibilidade de investir con audacia para xerar e establecer cambios estruturais.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno municipal, impulsar e reforzar o marco normativo municipal para que se introduza a perspectiva de xénero en tódalas políticas levadas a cabo dende o Concello de Outeiro de Rei.

2. Instar o Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:

1) Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como a brecha laboral, a salarial e a fenda dixital.

2) Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade

3) Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres, dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico.

4) Despregar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e ás das mulleres con fillos e fillas a cargo.

3. Dar traslado deste acordo plenario á Xunta de Galicia.

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a concelleira do BNG, dona Elvira Lombao, quen expón que parcelle interesante a moción e que votarán a favor, pero non lle parece xusto só centrarse na brecha salarial e laboral. Deberíanse pedir axudas para as mulleres en xeral, as mulleres precalizadas.

Durante a pandemia, o Goberno central e a Xunta non puxeron políticas para garantir os coidados e a protección das mulleres no seu día a día. Pecharonse colexios, residencias e case sempre son as mulleres as que teñen que deixar os traballos para coidar aos seus fillos/as e ás persoas maiores. Igual pasou co teletraballo, no que se obviou a conciliación.

Non se incrementou só a brecha salarial senón tamén o desemprego feminino durante a pandemia.

Polo que, os concellos son as administracións que están máis preto dos veciños/as, esixise que sea unha cuestión política e económica de primeira orde garantindo o dereito real de todas as persoas a ter acceso a recursos.

O alcalde dalle a palabra á concelleira do PP, dona Pilar Méndez.

A concelleira do PP, dona Pilar Méndez expón que dende o Goberno municipal defensense as mulleres en todos os ámbitos, promovendo que sexan libres e independentes e que se lles recoñezan os seus méritos e capacidades.





Concello de Outeiro de Rei

Debemos a seguir concenciando á sociedade, xa que queda moito traballo por facer, pero hai que facelo dunha maneira libre, seria e sendo responsables.

A solicitude que se fai nesta moción xa estase a atender dende a Consellería de Igualdade con iniciativas, axudas, subvencións, actividades de promoción de igualdade.

O Goberno central é o que debe dotar economicamente ás CC.AA e aos Concellos, xa que son éstos os que están en primeira liña.

O grupo municipal do PP propón unha enmeda a esta moción no sentido de que se siga a impulsar, xa que xa se están a impulsar activamente estas políticas dende o Concello e máis dende a Consellería, e requerir ao Goberno Central para que aporte o financiamento suficiente aos concellos para a implantación de estas políticas.

A concelleira do PSdG-PSOE contestalle á concelleira do PP que o que se propón é “impulsar” as políticas que se están levando a cabo. Necesítase ir máis aló, darlle todavía un importante pulo, xa que existe unha enorme brecha salarial xenerada, entre outros motivos, polas renuncias laborais das mulleres en prol da conciliación familiar que despois levan a xubilacións precarias das mulleres.

Considera que o problema de fondo é gravísimo, e que por unha palabra non vai a rexeitar o apoio á moción, polo que acepta a emenda proposta

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do grupo municipal do PSdG-PSOE con motivo do día internacional das mulleres coa enmeda proposta polo PP.

Realizada a votación, a moción coa enmeda proposta polo PP queda aprobada pola unanimidade dos presentes.

9- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN PROL DE UN PERMISO DE DOUS ANOS PARA AS MULLERES QUE VAIAN A TER UN NENO.

O voceiro do PP, tras escoitar o que se expuso no debate do punto anterior da orde do día, propón, como se acerca o 8 de marzo, e como unha declaración institucional de urxencia, introducir na lexislación estatal un permiso de dous anos dende o sétimo mes de embarazo para as mulleres, asalariadas e autónomas, facéndose cargo o Estado de todos os custos, salariais e de seguridade social, que conleve ese permiso. Incluso un mes de aprendizaxe da persoa que vaia a cubrir ese posto de traballo.

O que se pretende con isto é que o empresario teña a mesma comodidade á hora de contratar unha muller que un home e conseguir a cobertura da necesidade que ten o país de aumento da natalidade.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao di qe con esta declaración institucional de cara ao 8 de marzo non debemos centrarnos unicamente na parte laboral das mulleres porque o 8m é algo máis que o laboral e as mulleres son máis que nais.

Galegas 8M van a folga este 8 de marzo para loitar contra un sistema capitalista e patriarcal que asigne por defecto os traballos de coidados ás mulleres, xa que estes traballos se chegan a ser remunerados son precarizados, porque hai que conseguir a corresponsabilidade, porque están en contra da privatización dos servizos esenciais do





Concello de Outeiro de Rei

coidado, por denunciar que na xestión da pandemia as medidas laborais para a conciliación só conseguiron mulleres máis precarizadas, por todas as mulleres que foros agredidas e desatendidas na pandemia e ter a forza para conseguir que este mundo sexa xusto e igualitario.

O voceiro do PP di que pode estar de acordo con todo iso e con moito máis, e por suposto que as mulleres son máis que nais.

Con isto o que se pretende e declarar algo que é un salto na situación laboral para que unha muller esté en igualdade de condicións á hora de acceder ao mercado laboral e sendo tamén moi importante aumentar o índice de natalidade.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio, propón que tamén debería incluírse ao pai para impulsar a figura do pai como responsables na crianza dos fillos.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio, propón que tamén debería incluírse ao pai, para impulsar a figura do pai como responsables na crianza dos fillos e para evitar discriminacións que poidan rematar perxudicando ás mulleres, se ben expresa que esta cuestión é moito máis profunda do que pode parecer, polo que require de moito estudo e debate previo, sendo apresurado o tratamento neste intre.

O voceiro do PP está de acordo en que se poida ceder ese permiso ao pai.

As concelleiras do BNG e do PSOE expoñen que é un tema moi profundo para tratalo tan rápidamente.

O voceiro do PP comprométese de cara ao 8 de marzo do ano que ven a sacar unha declaración institucional onde se aborden outros temas.

Debatiuse entre os voceiros dos grupos municipais o inicio dese permiso de dous anos e chegouse a un consenso que sexa a nai a que decida dende cando coller ese permiso e no caso das mulleres autónomas que reciban durante o desfrute do permiso sexa o SMI.

Sométese a votación a declaración institucional do permiso de dous anos para as mulleres que vaian a ter un neno.

Realizada a votación, declaración institucional queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

O voceiro do PP agradece o apoio nesta declaración institucional.

10- ASUNTO DE URXENCIA. Proposta de aprobación de unha exención extraordinaria da obriga de contribuir correspondente á taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, abastecemento domiciliario de auga potable e evacuación de augas residuais aos titulares de locais afectados polo peche de actividades previsto na orde do 26 de xaneiro de 2021

O Alcalde inicia o debate defendendo a urxencia da seguinte proposta de resolución:





Concello de Outeiro de Rei

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

A crise sanitaria do COVID-19 conlevou a adopción de medidas de distanciamento social que afectaron gravísimamente á actividade económica nacional.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 iniciou un longo percorrido de limitacións no exercizo das actividades económicas, cuxa última expresión, case un ano máis tarde, se recollen no DOGA de 26 de xaneiro de 2021.

As restriccións que afectan ao libre e normal exercizo das actividades económicas van dende o peche total da actividade, até a redución dos aforos ou a obrigatoria implementación de medidas preventivas fronte ao COVID-19.

Estas medidas, ao tempo que supoñen unha indudable merma nos ingresos implican un cuantioso gasto (hidroxeles, manparas e demais elementos de distanciamento social).

Coa finalidade de contribuir a paliar os danos que sufriron estes sectores, considérase convinte adoptar determinadas medidas de natureza tributaria. Ditas medidas serían temporais e permitirían diminuír os custes de mantemento dos negocios durante a vixencia das medidas restrictivas e, deste xeito, reducir o impacto da perda de ingresos.

Por tal motivo, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar unha exención extraordinaria da obriga de contribuir correspondente á taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, abastecemento domiciliario de auga potable e evacuación de augas residuais aos titulares de locais afectados polo peche de actividades previsto na orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA Núm. 16-Bis. Martes, 26 de xaneiro de 2021).

Dita exención aplicarase exclusivamente ao primeiro semestre do ano 2021, tendo efectos retroactivos dende o día 1 de xaneiro de 2021.

A concelleira do PSdG-PSOE pregunta se os posibles beneficiarios da exención a teñen que solicitar e o voceiro do PP resposta que non teñen que solicitala e solicita que, se algún dos propietarios dos establecementos afectados non se lles exime da taxa correspondente por un erro na tramitación, que o comuniquen no Concello para proceder a aplicala.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos din que están a favor da proposta e fai fincapé que as administracións actúan un pouco lentas pero máis vale tarde que nunca.

O voceiro do PP contéstalle ao voceiro do BNG que as administracións actúan lentas porque hai unha burocracia que cumprir, pero neste caso chega a tempo xa que aínda o Concello non liquidou o primeiro bimestre do ano correspondente á taxa.

Sométese a votación a urxencia da proposta de aprobación.

Realizada a votación, a urxencia da proposta queda aprobada pola unanimidade dos presentes.





Concello de Outeiro de Rei

Acto seguido sométese a votación a proposta de aprobación da exención extraordinaria da obriga de contribuír correspondente á taxa pola prestación do servizo da recollida e tratamento do lixo, abastecemento domiciliario de auga potable e evacuación de augas residuais aos titulares de locais afectados polo peche de actividades previstas na orde do 26 de xaneiro de 2021.

Realizada a votación, a proposta de aprobación queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

11- MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A RECONOCER LA CAPACIDAD DE GESTIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES Y A AUMENTAR EL PORCENTAJE DE LOS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN ASIGNADO A LOS AYUNTAMIENTOS, DIPUTACIONES, CABILDOS Y CONSELLS INSULARES

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da urxencia da moción do seguinte teor literal:

MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A RECONOCER LA CAPACIDAD DE GESTIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES Y A AUMENTAR EL PORCENTAJE DE LOS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN ASIGNADO A LOS AYUNTAMIENTOS, DIPUTACIONES, CABILDOS Y CONSELLS INSULARES.

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares constituyen las administraciones más accesibles a los ciudadanos que les demandan servicios públicos de calidad y les reclaman soluciones a sus necesidades y problemas.

Las entidades locales siempre han respondido de manera eficaz a esas exigencias de los vecinos excediéndose, en muchas ocasiones, de las competencias propias que tienen asignadas y, además, han jugado un papel fundamental en la prestación de los servicios públicos básicos a los ciudadanos que habitan los pueblos y ciudades de España.

Un papel decisivo y fundamental que las entidades locales españolas han vuelto a ejercer desde el inicio la pandemia provocada por el COVID-19.

Así, desde el mes de marzo de 2020, los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares han puesto en marcha iniciativas para contener la expansión de la pandemia, proteger a su población del virus, apoyar a los ciudadanos más vulnerables,





Concello de Outeiro de Rei

siendo pioneras en implantar programas y ayudas para paliar los efectos de la crisis sanitaria, social y económica derivada de la pandemia.

Mientras esto sucedía, el Gobierno de España no solo no ha destinado un solo euro a apoyar a las entidades locales en su lucha contra el virus y las negativas consecuencias del mismo sino que ha demostrado una absoluta falta de respeto a la autonomía de las entidades locales y al marco jurídico que las regula así como una grave deslealtad a los gobiernos locales y a todos los vecinos a los que representan.

Primero, el Gobierno de España intentó apropiarse a través del Real Decreto Ley 27/2020 de los ahorros acumulados durante los últimos años por las entidades locales en una muestra de responsabilidad y buena gestión de los recursos públicos de todos los vecinos. Una confiscación que, gracias a la movilización del Partido Popular y a la denominada "rebelión de los alcaldes", de todo signo político, se logró evitar.

Segundo, el Gobierno de España despreció a las entidades locales en los Presupuestos Generales del Estado para 2021 puesto que:

no incluyó en los mismos el fondo para la reconstrucción local prometido por la Ministra Montero en reiteradas ocasiones durante el pasado año.

las transferencias a entidades locales se incrementan menos del 2% frente al 6,4% de incremento global de los PGE

Las CCAA gestionarán el 54,2% (18.793 millones €) del total de fondos de recuperación europeos mientras que a las entidades locales no se les va a dejar gestionar ni siquiera el 4,2% (1.483 millones) de dichos fondos, que tienen adjudicados.

Si hacemos el cálculo sobre el total de fondos europeos a percibir por España, 140.000 millones, el porcentaje se reduce al 1%, lo que confirma fehacientemente que el Gobierno de Sánchez e Iglesias es el más antimunicipalista de la democracia.

Por último, hay que señalar que el Gobierno de España ha aprobado, gracias al apoyo de Bildu y la abstención de Vox, el Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de diciembre, por el que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que concentra en el propio gobierno la mayor parte del poder en el reparto de los fondos de recuperación que la Unión Europea ha asignado a España. Un decreto que se caracteriza por la arbitrariedad, falta de transparencia y concentración de las decisiones en un gobierno que ya ha demostrado su sectarismo y su falta de lealtad con las entidades locales y, en definitiva, su desprecio a la autonomía local.

Ante esta realidad, el Partido Popular ha exigido en diversas ocasiones:

la creación del fondo de reconstrucción para las entidades locales. Un compromiso asumido por diversos ministros del gobierno en diferentes ocasiones que no han cumplido

un decreto de gestión de los fondos europeos que garantizase una participación real y transparente de las entidades locales en los mismos





Concello de Outeiro de Rei

y que los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares gestionasen un porcentaje de los Fondos Europeos equivalente a lo que supone el gasto local dentro de todo el gasto público total.

El Gobierno no ha aceptado ninguna de estas reivindicaciones y a través de uno de los partidos que lo sustenta (PSOE) ha llegado a justificar su negativa por “la falta de recursos intelectuales” en las entidades locales para, al menos, poder gestionar directamente el exiguo porcentaje de los fondos europeos que tiene adjudicado. Una negativa en la que nuevamente el gobierno ha contado con el apoyo de Vox.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, presenta la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei:

Condena la postura del grupo socialista en el Senado que el pasado 18 de febrero ponía en duda la capacidad de los gobiernos locales y, por ende, de sus técnicos para gestionar los fondos europeos.

Rechaza la propuesta del Gobierno de España para que las EELL participen en los fondos de reconstrucción europeos tan solo en 1.483 millones de €, lo que representa únicamente el 1% del total de los fondos que llegarán a España para la lucha contra los efectos del COVID19.

E insta al Gobierno de España a:

Condenar formalmente la postura del grupo socialista en el Senado y a reconocer de manera expresa la capacidad de las entidades locales para gestionar correctamente los fondos europeos ya que, en los últimos años, ha sido la única administración pública española que no solo han garantizado los servicios públicos a sus ciudadanos sino que han generado ahorros para mantenerlos en el futuro y no hipotecar a las próximas generaciones de españoles.

Acordar que las entidades locales puedan participar de forma directa de los fondos europeos para la reconstrucción en al menos, un 14,6% (20.000 millones de €) que equivale al porcentaje de gasto público que representan las entidades locales dentro del gasto público de la Nación.

Fijar en el primer trimestre de 2021 el reparto entre las Entidades Locales de los Fondos del Mecanismo de Reconstrucción, Recuperación y Resiliencia, de acuerdo con las prioridades que establezca, por consenso, la Federación Española de Municipios y Provincias en materia de protección social, fomento del empleo, cultura y deporte, medioambiente y bienestar comunitario, urbanismo y vivienda, seguridad y movilidad ciudadana, sanidad y educación, y otras cuestiones de impacto local.

Crear de manera urgente el Fondo de Reconstrucción Local por valor de 3.000 millones € que la Ministra de Hacienda prometió en repetidas ocasiones durante el año 2020 y que todavía no se ha desarrollado.

Presentar un proyecto de ley de modificación del actual sistema de financiación local que incremente la Participación en los Ingresos del Estado de las EELL en una cuantía suficiente para compensar la deficiente financiación que vienen sufriendo.





Concello de Outeiro de Rei

Dar traslado de este acordo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, al Ministro de Política Territorial y Función Pública, a los Portavoces de Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes/Parlamento de Galicia y a la Junta de Gobierno de la FEGAN y FEMP

Rematada a defensa da urxencia, sométese a votación a urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP.

Realizada a votación, a urxencia da moción queda aprobada con nove votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e tres votos en contra dos concelleiros do BNG e PSdG-PSOE.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos non entende a urxencia desta moción cando non se levou á comisión do pleno realizada fai uns días e cando hai prazo para tratar este tema.

En canto á exposición de motivos teñen discrepancias e non lles deu tempo a estudiala a fondo. Poden estar de acordo en moitos puntos dos acordos pero van a absterse na súa votación polo pouco tempo que tiveron para mirala.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio intervén dicindo que hai unha declaración da Xunta de Goberno da FEMP, Federación Española de Municipios e Provincias, onde reiteran e afianzan a estratexia de FEMP.

Non comparte a moción nin a urxencia da mesma, por tales motivos anuncia que se oporá á moción.

O Alcalde asegura que para estar a favor ou en contra do proposto na moción non se necesita moito tempo. A primeira hora deste día e tan pronto estivo redactada enviouse aos grupos municipais do BNG e PSOE. Fixose de urxencia porque a seguinte sesión plenaria, agás algún imprevisto, non será ata dentro de dous meses, polo que consideran que non se debe esperar ese tempo.

Sométese a votación a moción do grupo municipal do PP de petición ao Goberno de España do reparto dos fondos europeos coas entidades locais.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP, un voto en contra da concelleira do PSdG-PSOE e dúas abstencións pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

12-MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REFERENTE Á QUE O CONCELLO TOME MEDIDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DO NOVO “CATASTRAZO” QUE SE LLE ESTÁ A COMUNICAR Á VECIÑANZA DE OUTEIRO

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:





Concello de Outeiro de Rei

MOCIÓN DE URXENCIA REFERENTE Á QUE O CONCELLO TOME MEDIDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DO NOVO “CATASTRAZO” QUE SE LLE ESTÁ A COMUNICAR Á VECIÑANZA DE OUTEIRO

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Nos últimos días a veciñanza está a recibir de forma masiva cartas da Dirección Xeral do Catastro onde se lle comunica a existencia dun expediente que altera a valoración das súas fincas sitas dentro dos núcleos rurais, segundo a cualificación que fixera o concello.

Estas cartas non traen consigo o expediente, senón que obrigan a ter que entrar na Administración Electrónica do Catastro para coñecer concretamente o alcance destas alteracións de valor, cuestión que moitos veciños e veciñas de Outeiro non teñen posibilidade de facer.

O cambio de valor destes bens vai incrementar dun xeito moi substancial as cantidades que a veciñanza de Outeiro vai ter que pagar ao concello en concepto de Contribución Urbana e nesa valoración só se ten en conta se a finca está dentro do núcleo rural ou non, non considerando aspectos fundamentais como se ten acceso a un camiño público, se ten as dimensións suficientes para poder edificar nelas ou, mesmamente, se a súa orografía permite a edificación.

Ademais de todo iso, e non menos importante, tampouco contempla se a parcela en cuestión dispón dos servizos municipais básicos que contempla a Lei do Solo de Galicia para ser considerada unha parcela urbana. Máis ben ao contrario, valora todas as fincas máis ou menos por igual sen distinguir o tipo.

Debido a incerteza e preocupación que esta situación está a xerar na veciñanza, dende o BNG cremos que se fai urxente que o concello actúe para paliar dentro do posible os efectos desta recalificación, tomando medidas do seguinte tipo:

-Non cobrar retroactivamente a contribución correspondente a esta diferenza de valoración.

-Intervir ante o Catastro para reverter esta inxusta cualificación que non distingue entre as parcelas dentro dun mesmo Núcleo Rural.

-Rebaixar o tipo de gravame ao mínimo legal, o 0,4%.

-Decretar cláusulas de salvagarda para as familias afectadas economicamente pola pandemia da Covid-19 con dificultades para pagar os impostos municipais.

-Dotar de todos os servizos municipais ás parcelas cualificadas como urbanas.-..

.Dado que consideramos que a toma de decisións referentes a todas estas medidas non poden esperar dous meses ata o novo Pleno Ordinario e dado que toda esta situación xerouse despois de convocado este Pleno e polotanto despois do prazo para presentar as moción, é por iso polo que propoñemos a aprobación da urxencia desta moción e polo tanto que se debata e vote a mesma

Exposición de motivos

Como se dicía na xustificación da urxencia, nos últimos días están a chegar a case totalidade da veciñanza de Outeiro unhas cartas onde se lles informa que poden





Concello de Outeiro de Rei

entrar na Sede Electrónica do Catastro para consultar o expediente de alteración da valoración das súas fincas segundo a cualificación que previamente fixera o concello. Esta consulta só se pode facer de forma telemática, non incluíndo as cartas copia dos expedientes, cuestión que limita dun xeito moi importante a posibilidade de información e reclamacións por parte da cidadanía.

Unha vez que se consegue visualizar eses expedientes, obsérvase que nesa nova valoración que fai o Catastro segundo a cualificación enviada polo concello, non se distingue se as fincas teñen saída ás pistas municipais, se cumpren coa superficie mínima para poder edificar ou se teñen os servizos básicos para ser consideradas fincas urbanas, facendo unha valoración homoxénea de casos desiguais, pois considera a todas fincas susceptibles de ser edificables, cuestión que resulta manifestamente falsa e inxusta.

Non parece lóxico nin razoable que unha finca na que resulta imposible poder edificar ou que non ten os servizos municipais básicos poida ser valorada igual que outra que si pode considerarse como un solar urbano.

Intentar corraxir estas inxustizas é unha responsabilidade que recae directamente sobre o concello, pois é a administración que ten a competencia para cambiar moitas destas cuestións e é a que se vai beneficiar da subida de impostos que esta actuación implica.

Outra cuestión moi importante para a cidadanía é o aspecto da retroactividade. Sabemos que “legalmente” o concello pode cobrar estas diferenzas na contribución con catro anos de retroactividade, tal e como fixo no anterior “catastrazo” do ano 2016, sen embargo consideramos que sería totalmente inxusto que isto ocorrese así.

As veciñas e veciños non son culpables de non pagar esta diferenza de valoración nos anos anteriores, pois pagaron sempre o que o concello lles reclamou nos recibos. Non parece lóxico nin razoable polo tanto que agora se lles intente cobrar con efecto retroactivo esta diferenza, sendo a responsabilidade do concello que isto non ocorra, pois dígase o que se diga, é o concello quen elabora e cobra estes recibos a través dunha empresa privada que, o único que fai, é seguir as instrucións que o Alcalde lle dita.

Por outra banda, o tipo impositivo existente para o IBI en Outeiro non é o mínimo que permite a lei. Se se ten en conta que o concello vai ver incrementados os seus ingresos dun xeito moi importante nos próximos anos, sería bastante lóxico que se rebaixase ese tipo impositivo ao mínimo legalmente permitido, o 0,4%

Ademais de todo isto, hai outra cuestión que non é menos importante. Durante todo o ano 2020, e parece que vai seguir no 2021, o concello está sumido nunha febre recadadora sen precedentes, subindo todo tipo de taxas e impostos sen ter en conta o momento económico que estamos a vivir e sen ningún tipo de consideración cara ás persoas que están a pagar as consecuencias desta situación. Lembrarse de todas as persoas que están a quedar sen traballo, que levan incluídas en ERTes durante moito tempo ou que os seus negocios están cerrados ou con ingresos mínimos por culpa da Covid é unha cuestión de responsabilidade.

Un concello sensible aos problemas da veciñanza non pode permitir que haxa persoas que teñan algún tipo de privación nas dúas vidas por culpa de pagar os impostos





Concello de Outeiro de Rei

municipais e iso só se consegue elaborando unha serie de medidas e salvagardas que axuden a todas estas familias con problemas dese tipo a poder facer fronte aos impostos municipais.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o Concello de Outeiro tome as medidas que sexan precisas para non cobrar con efecto retroactivo a diferenza de valoración que se está a facer nas fincas enclavadas nos núcleos rurais de Outeiro

2. Que o Concello de Outeiro de Rei se dirixa urxentemente á Dirección Xeral do Catastro para que revise todas as valoracións das fincas dos núcleos rurais de Outeiro de Rei, tendo en conta nesa nova valoración as condicións reais de edificabilidade e os servizos municipais dos que dispoñen esas parcelas, paralizando de inmediato o cambio de valoración que se está a facer neste momento.

3. Que o concello de Outeiro reforme a ordenanza de cobro do IBI introducindo os seguintes cambios:

-Rebaixa do tipo impositivo ao mínimo legal: 0,4%

-Elaboración dunha convocatoria de axudas e subvencións para todas as familias que están a ter minorados os seus ingresos por mor da crise económica derivada da Covid-19 para que lles permita facer fronte ao pago dos impostos municipais”.

O voceiro do PP di que se se aplica o criterio que ten o BNG votaría que non á urxencia de esta moción polo motivo que chegou tarde, pero o PP non actúa así que considera un tema importante para os veciños/as deste Concello.

A concelleira do BNG contéstalle ao Alcalde que se meteu a moción por sede electrónica ás 12.00 h.

Sométese a votación a urxencia da moción do grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, queda aprobada a urxencia da moción con once votos a favor dos concelleiros do PP e do BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

Neste intre a concelleira do PSdG-PSOE abandoa a sala alegando motivos laborais.

O voceiro do PP expón que non poden aprobar esta moción por varios motivos.

En relación á posibilidade de cobrar con efecto retroactivo, o Alcalde preguntalle ao Sr. Secretario da corporación, quen afirma que segundo a Lei debe cobrarse con efecto retroactivo.

Por outro lado, o Concello non ten capacidade para paralizar en Catastro unha revisión xa que éste ten o dereito e a obriga de facelo. É un organismo dependente do Goberno de España que está exercendo a súa competencia, non actúa baixo as ordes do Concello de Outeiro de Rei. Non obstante, cónstalle que se fixeron a s valoracións co valor mínimo que se pode aplicar.





Concello de Outeiro de Rei

Diríxese ao concelleiro do BNG instándoo a que, como teñen influencia no Goberno que consigan fondos para os Concello para poder baixar os impostos ao 0,4% ou prestar máis servizos. Un exemplo claro de cómo se desentende o Goberno do Estado pode verse no financiamento do Servizo de axuda no fogar, que segundo a Lei o Goberno do Estado debería sufragar o 50% do custo e non o fai, polo que o Concello ten que soportar a diferenza que correspondería ao Estado.

O Alcalde explica que os núcleos rurais están delimitados dendo o ano 1993 e os vecinos tiveron a sorte de que ata o agora o Catastro non fixo esa revisión. Soamente na parroquia de Robra delimitáronse posteriormente algúns núcleos e tramitouse a oportuna revisión catastral.

O Concello enviou un bando para informar aos veciños/as que se ía poñer a súa disposición unha oficina, preto do Concello, con persoal especializado para atender os trámites que fosen necesarios de xeito gratuito, todo financiado polo Concello de Outeiro de Rei.

O voceiro do PP pidelle a concelleira do BNG que deixen de facer propaganda e fagan que o Goberno Central reparta fondos aos Concellos. Afirmar que este Concello é un dos que ten o IBI máis barato da contorna, podendo resistir calquer comparación cos Concellos onde goberna o BNG e o PSOE.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao di que é verdade que a valoración catastral a fai a Dirección Xeral do Catastro pero non podemos esquecer que é o Concello o que califica urbanísticamente as fincas coma de núcleo rural, e detrás de esta clasificación vai que se catastren como urbanas.

O voceiro do PP explicalle á concelleira do BNG que o Concello di se as fincas son solo de núcleo rural ou non e a calificación urbanística fíxose no ano 1993 (excepto en Robra que se aprobouse fai uns dous anos).

A concelleira do BNG recalca que os impostos son necesarios. Non obstante, ante o moi notable incremento de recadación que está a promover o Concello, se a Lei permite ter un tipo impositivo máis baixo deberíase asumir éste para compensar parcialmente ao veciños.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con dous votos a favor dos concelleiros do BNG e nove votos en contra dos concelleiros do PP.

13-ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o secretario da lectura en viva voz de rogos presentados polo do seguinte teor literal:

“Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor en Dereito proceda DI:





Concello de Outeiro de Rei

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, veño a presentar aos órganos de goberno o seguinte rogo:

Dada a importancia que a Xunta de Goberno Local acadou nas decisións no goberno deste Concello e á cal non temos acceso ningún dos compoñentes dos Grupos da oposición, presentamos a nosa petición para que se nos envíe regularmente e de xeito electrónico cada unha das actas elaboradas a partir das respectivas Xuntas de Goberno que se celebren ao longo do mes”.

O Alcalde di que segundo asinan as actas o secretario e él mesmo, están visibles na sede electrónica. Non profundiza máis xa que non está presente a representante do PSdG-PSOE.

A continuación, o Secretario da lectura aos seguintes escritos de preguntas:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vilae Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta referida á instalación do tendido de servizo de electricidade na urbanización de A Palloza

Exposición de motivos:

Hai xa máis dunha década que os veciños e veciñas da Palloza habitan na urbanización, estando empadroados nesas vivendas e pagando os impostos correspondente das súas casas.

Aínda así, todas estas persoas seguen se ter os servizos básicos de calquera outra vivenda do concello, como poden ser un camiño asfaltado ata a súa vivenda, unha farola de alumado público ou unha electricidade suficiente para poder vivir con normalidade.

A día de hoxe estas persoas aínda teñen a luz de obra para o servizo das súas vivendas, sen que se fixera nada ata o momento para solucionar este problema.

Hai uns meses, o señor Alcalde anuncioulles que ía aproveitar o servizo eléctrico que tiña que levar ata o circuíto de velocidade de Outeiro para chegar ata a urbanización a liña de media tensión necesaria. A día de hoxe estes veciños e veciñas de Outeiro seguen sen saber nada desta liña eléctrica.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde as seguintes PREGUNTAS:

-Cal é a situación da instalación de servizos básicos na urbanización da Palloza?

-Vai o concello a aproveitar a electrificación do circuíto de velocidade para levar a liña de media tensión ata a Urbanización da Palloza?”

O Alcalde resposta á primeira pregunta que a situación é moi precaria nestes momentos, pero espera desenvolverse nos próximos meses.





Concello de Outeiro de Rei

En relación á segunda pregunta, resposta que esta línea fixose precisamente para aproveitar o investimento dirixido ao Circuito de Robra para beneficiar aos vecinos e reducir os custes de urbanización. A tal fin, diseñouse de xeito tal que se situou o transformador na propia Ubanización de A Palloza.

“Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda di:

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, veño a presentar aos órganos de goberno as seguintes preguntas:

1. Dende o pasado 25 de xaneiro ata recentemente, as restricións impostas dende a Xunta de Galicia para todo o territorio galego levaron a que toda xuntanza de non conviventes e celebracións deportivas quedasen prohibidas, entre outras moitas. Sen embargo, sabemos que o Circuito de Bonxe foi utilizado para tales fins durante este período polo menos, en dúas ocasións, coa consecuente visita da Garda Civil . É coñecedor o Concello destes feitos? Poderíanos explicar quen deu a autorización para facer uso do Circuito durante eses días?

2. Frente ao circuito de Bonxe hai varias vivendas ás que se lles prometeu a luz pero seguen sen recibir este servizo; sen embargo, estas instalacións deportivas xa poden facer uso dela. Podería dar unha explicación desta situación?”.

O Alcalde resposta que no Circuito hai unha Escola de Pilotos que está federada e durante ese período estaba permitido realizar actividades deportivas federadas ao aire libre. Evidentemente con alumnos deste Concello e todo isto coa autorización correspondente.

Para o Alcalde é unha grata satisfacción que haxa unha Escola de Pilotos neste Concello que esté dando clases de motociclismo e pilotos que corren a nivel nacional e internacional. Neste momento hai catro nenos de Outeiro de Rei e o ano pasado tres participaron nas carreiras do Campeonato Galego e espera que este ano participen os catro.

O Alcalde asegura que o Concello non vai deixar de apoiar ás actividades e infraestruturas deportivas.

“Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda di:

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, veño a presentar aos órganos de goberno as seguintes preguntas:





Concello de Outeiro de Rei

1- O pasado abril do 2020, que a Xunta de Galicia destinou unha partida extraordinaria para o SAF que posteriormente, en novembro do mesmo ano, retirou. Respecto á súa utilización por parte do Concello, cantas horas se utilizaron por parte dos usuarios do SAF neste período?

2- Por outra banda, desexaríamos saber cantos usuarios do SAF hai en Outeiro é o aportado por eles como copago para este servizo?

3- Sabendo que existen liñas de autobuses interurbanas que unen a capital da provincia con Outeiro de Rei, poderían informarnos sobre cal é a cantidade media de usuarios desas liñas?.

4- Nos últimos meses, e debido seguramente aos cambios que a Covid-19 exerceu nas nosas vidas, o Concello de Rei experimentou un aumento na construción de vivendas unifamiliares en varias das súas parroquias algunhas moi preto da cidade de Lugo. Moitos dos habitantes delas son xente nova con fillos que están ligados, xa por motivos profesionais xa por motivos profesionais xa por motivos persoais, a Lugo. Por esta razón, queremos preguntar: Teñen pensado solicitar ampliación para algunha outra desas zonas de Outeiro de Rei que experimentaron esa expansión de poboación?.

O Alcalde resposta a primeira e segunda pregunta que no pasado ano 2020, o SAF extraordinario tivo un total de 182,91 horas e un gasto de 2.758 €. No SAF dependencia houbo 68 usuarios e a aportación copago foi de 51.000 €. O gasto total ascendeu a 342.624,07 €.

No ano 2021, no SAF dependencia 63 usuarios, e no SAF básico 31. Non se menciona a aportación económica xa que estamos ao comezo do exercizo e os datos non son representativos.

Respecto a terceira pregunta, resposta que cada certo tempo concertase unha reunión coa Consellería para ver como vai o transporte metropolitano e neste momento non se ten coñecemento do dato dos usuarios que o empregan.

Por último, o Alcalde resposta a cuarta pregunta que en Outeiro de Rei constantemente e paulatinamente constrúense vivendas de xente que quere asentarse neste concello, e non soamente durante a pandemia. Éste é o motivo do incesante aumento de poboación.

Dentro dos convenios que ten o Concello coa Xunta de Galicia está o transporte compartido, que se retomara segundo a evolución do Covid 19 o permita. Este plan permite aproveitar as rutas de transporte escolar para a mobilidade no rural. Intentarase ampliar a todos os sitios que haxa demanda suficiente para poder levalo a cabo coa colaboración económica da Xunta e colaboración do Concello.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as dezaseis horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

